

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente de EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL_3ºESO.

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un **plan de reforzo** ao que terá acceso a través da **aula virtual do centro** (nun espazo destinado a tal fin dentro do curso do Departamento de Artes Plásticas) / **plataforma E-Dixgal**; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas ou das probas teórico-prácticas), preferentemente mediante reunións presenciais, ao **xefe de Departamento de Artes Plásticas, ou profesor en quen delegue o Departamento** ao comezo de curso entre aqueles que impartan aulas da materia na modalidade ordinaria, para o que **se habilitará no horario lectivo o periodo correspondente** (empregándose fundamentalmente os tempos do recreo). Na extensión do CGTD os alumnos coa asignatura pendente serán atendidos polo profesorado alí adscrito.

A avaliación do alumnado coa materia pendente levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, organizándose segundo o seguinte **cronograma**:

- **1ª AVALIACIÓN:** xaneiro; contidos de "Debuxo Técnico" (UD3, UD4)
- **2ª AVALIACIÓN:** abril; contidos de "Expresión Plástica" e "Comunicación Audiovisual". (UD1, UD2, UD5, UD6, UD7, UD8)
- **RECUPERACIÓN** (1ªav. e/ou 2ª av.): maio.
- **RECUPERACIÓN FINAL** (1ªav. e/ou 2ª av.): xuño (poderá coincidir coa "recuperación final" do curso ordinario).

En cada avaliación **empregaranse os seguintes instrumentos**:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI): Peso porcentual na nota de cada avaliación: **60%**.

Dado o carácter eminentemente práctico da materia, o/a alumno/a deberá realizar unha serie de **actividades obrigatorias** propostas polo Departamento para cada unha das avaliacións de pendentes, que responderán aos criterios de avaliación do período avaliado, e das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (por escrito e/ou a través de comentarios orais). A entrega a través do "caderno persoal" da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, non suficiente, para acadar unha avaliación positiva no período correspondente, considerándose non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos. A presentación dos traballos deberá facerse segundo as instrucións dadas previamente polo profesorado (entrega física ou telemática a través da aula virtual, materiais, soportes, formatos / estrutura, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...).

b) A PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA (PE): Peso porcentual na nota de cada avaliación: **40%**.

En cada unha das dúas avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programarase unha proba teórico-práctica. A proba realizarase preferentemente de xeito presencial, pero se as circunstancias o impidisen ou o desaconsellasen, poderá realizarse de xeito telemático a través da plataforma E-Dixgal.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu "caderno persoal" incompleto non poderá ser superior a 4: como xa foi exposto anteriormente, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia.

Nas RECUPERACIÓNS, o alumnado recuperará o caderno persoal e/ou a proba teórico-práctica segundo lle corresponda (aquelos que teñan unha nota inferior a 5).

A NOTA FINAL será a media ponderada das notas sen redondear de cada unha das dúas avaliacións (**1ª av.: 40%** e **2ª av.: 60%**), sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso, a cualificación final nunca poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).